

# Anticoncepción hormonal postcoital: perfil das usuarias no punto de atención continuada da cidade da Coruña

Vidal Lorenzo, Juan Carlos  
Medicina de Familia. CS San Xosé (A Coruña)

Seijas Rico, Carmen  
Medicina de Familia. CS San Xosé (A Coruña)

Cad Aten Primaria  
Año 2007  
Volumen 14  
Pág. 251-255

## RESUMO

**Obxectivo:** Clarificar o perfil das usuarias demandantes da anticoncepción hormonal postcoital (AHP) no Punto de Atención Continuada (PAC) de urxencias da cidade da Coruña, así como o motivo principal da prescrición.

**Deseño:** Estudo descritivo transversal

**Participantes:** 400 mulleres atendidas de abril a agosto de 2006 no PAC de A Coruña. Os criterios de inclusión foron: ser muller en idade fértil e solicitar a pílula antes das 72 horas tralo coito.

**Medicións principais:** Data de nacemento, data da dispensación, toma previa da pílula, uso de método anticonceptivo e o motivo da prescrición.

**Resultados:** Foron atendidas 400 mulleres cunha media mensual de 80 (DE de 25,66), o que equivale a un índice de frecuentación mensual / anual de 1,3 y 15,6 por mil respectivamente. O domingo foi o día de maior demanda (30%), correspondendo ao fin de semana o 60% do total. As menores de 18 anos representaron o 7'5 % do total e de éstas, 11 pacientes (2,75%) eran menores de 16 anos. A idade media das pacientes foi de 24,3 anos. O 36,2% das solicitantes afirman ter usado previamente a pílula no último ano. Un 15% non usaba habitualmente ningún método anticonceptivo. Só unha paciente tivo que repetir a toma da pílula por presentar vómitos.

**Conclusións:** A usuaria tipo é una muller de 24 anos que ten relacións de fin de semana, que habitualmente utiliza algún método de tipo anticonceptivo e cuxo motivo principal de demanda é por fallo no uso do preservativo. As menores de idade (menores de 18 anos), só representan o 8% de la poboación total atendida.

### Para comunicación cos autores:

Juan Carlos Vidal Lorenzo • juancarlos.vidal.lorenzo@sergas.es  
C.S. San Xosé. Comandante Fontanes 8. 15003 A Coruña. Telf. 981227899

A AHP con Levonorgestrel é un método moi seguro en canto a efectos secundarios.

**Palabras clave:** Pílula postcoital, Levonorgestrel, Urgencias

## INTRODUCCIÓN

A anticoncepción hormonal postcoital (AHP) é un método hormonal, que se administra nas 72 horas seguintes a unha relación sexual sen protección ou por un fallo no método habitual, co obxecto de evitar un embarazo non desexado<sup>1</sup>. Segundo o programa Euro/OMS, a prevención de embarazos non desexados, debe ser un pilar fundamental da medicina preventiva de calquera país desenvolvido e un obxectivo primordial da Planificación Familiar<sup>2,3</sup>.

A AHP con levonorgestrel segundo os últimos ensaios clínicos realizados<sup>4,5,6</sup> é máis eficaz ca pauta combinada con estróxenos e proxestona. Aínda que non é un método abortivo<sup>7</sup>, xa que son ineficaces unha vez iniciada a xestación, tampouco debe utilizarse como unha forma regular de anticoncepción polas mulleres que non usan por sistema ningún método anticonceptivo, xa que son menos eficaces que os métodos habituais hormonais de contracepción (eficacia dun 85% fronte a un 99% respectivamente<sup>8</sup> como se pode ver na Táboa 1), teñen maior número de efectos adversos e un maior custo. Un embarazo non desexado supón un serio problema, e máis grave se acaso en mozas menores de idade. Hai estudos realizados que nos indican que ata un 60% de mulleres enquisadas recoñecen non haber recibido ningún tipo de información<sup>9</sup> sobre os métodos anticonceptivos habituais e de urxencia por parte dos profesionais sanitarios. É neste punto onde a Educación Sanitaria xogaríu un papel básico na muller, en canto a actividades preventivas se refire, así, a U.S.P. Task Force<sup>4</sup>, recomenda o consello periódico sobre anticoncepción a todas as persoas en risco de embarazo non desexado, co fin de diminuír a porcentaxe destes (menos do 1% con AHP) e en consecuencia o de abortos provocados.

O obxectivo do noso estudo é clarificar o perfil das usuarias demandantes da anticoncepción hormonal postcoital no PAC de urxencias

da cidade da Coruña, así como o motivo principal da devandita prescrición.

### PACIENTES E MÉTODOS

Realizouse un estudo descritivo transversal sobre unha mostra de 400 pacientes atendidas durante o periodo primavera-verán, de abril a agosto do ano 2006, ambos inclusive, no PAC de urxencias "Casa do Mar" na cidade da Coruña.

Usáronse dous criterios de inclusión: ser muller en idade fértil e solicitar a pílula antes das 72 horas tralo coito.

Rexistráronse os datos nunha enquisa estruturada chamada "Folla de rexistro de dispensación da pílula", que incluía as seguintes variables: data de nacemento, data da dispensación, toma previa da pílula, uso de método anticonceptivo e o motivo da prescrición (Figura 1).

idades comprendidas entre os 18 e 35 anos, e un 5% eran maiores de 35 (Figura 2).

A media mensual de mulleres demandantes é de 80 (DE 25,66), polo que se temos en conta que a poboación feminina en idade fértil (15 a 49 anos) no ano 2005, para a cidade da Coruña, era de 62.089 mulleres<sup>10</sup> (Tabla 1), nos da un índice de frecuentación mensual e anual de 1,3 y 15'6 por mil respectivamente.

FIGURA 1

FOLLA DE REGISTRO DE DISPENSACIÓN DA PÍLULA Mes/Año \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

Centro de Saúde    } de \_\_\_\_\_  
 PAC  
 CDF

Data de nacemento: \_\_\_\_\_    Data de dispensación: \_\_\_\_\_

Toma previa pílula    Usa método anticoncep.


Si    No    Si    No

MOTIVO DA PRESCRIPCIÓN  
Fase prescrip.    Non-método    Outra


O método utilizado como AHP foron 2 comprimidos de Levonorgestrel 0,75 mg. por vía oral en pauta de dose única ou de 1 cada 12 horas.

FIGURA 2

Idade das usuarias



### RESULTADOS

Foron atendidas en total 400 mulleres que solicitaron a pílula postcoital. A idade media das pacientes foi de 24,3 anos. Por tramos de idade as menores de 18 anos representan o 7'5 % do total e destas, 11 pacientes (2,75%) eran menores de 16 anos. O 87'5% tiña

TABLA 1

#### POBOACIÓN FEMININA EN IDADE FÉRTIL ( 15-45 ANOS ) NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2005 : 62.089 MULLERES.

Revisión do Padrón municipal 2005. Datos por municipios.

15.- Coruña (A)

15030.- Municipio de A Coruña

Poboación por sexo, municipios e idade (grupos quinquenales).


Unidade: persoas

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
15030 Coruña (A)			
Total	243349	113510	129839
0-4	8910	4574	4336
05-09	8296	4279	4017
10-14	9043	4632	4411
15-19	10915	5593	5322
20-24	15544	7668	7676
25-29	20708	10358	10350
30-34	20911	10352	10559
35-39	18893	9152	9741
40-44	17480	8219	9261
45-49	17126	7946	9180
50-54	16326	7433	8893
55-59	17216	7793	9423
60-64	14817	6841	7976
65-69	12700	5674	7026
70-74	12892	5421	7471
75-79	9649	3711	5938
80-84	6498	2209	4289
85 y más	5425	1455	3970
<b>TOTAL.....</b>			<b>..62.089</b>

O domingo foi o día de maior demanda (30%), correspondendo ao fin de semana (venres, sábado e domingo) o 60% do total semanal (Figura 3). Os meses de maior solicitude foron os de verán: xuño, xullo e agosto (75 % do total), con lixeiro predominio do mes de xuño(26,25%) (Figura 4).

FIGURA 3

Frecuentación- Día Semana




O 36,2% das solicitantes afirman ter usado previamente a pílula no último ano, fronte o 63'8% que non. Un 15% non usaba habitual-

mente ningún método anticonceptivo, mentres que o 85% sí, reflectindo éstas como causa principal o fallo do preservativo. Tan só unha paciente repetíu de novo a toma por vómitos (1:400), e outra paciente refire esquezo na toma do anticonceptivo.

FIGURA 4

Frecuentación- Mes



## DISCUSIÓN

Con respecto á frecuentación, hai autores<sup>11,12</sup> que estiman que a demanda potencial sitúase arredor do 3 por mil mensual, mentres que no noso estudo o índice de frecuentación sitúase no 1,3. Esta diferenza sería debida a que moitas das usuarias acoden a solicitar a pílula ao seu Centro de Saúde ou ao Centro de Orientación Familiar (COF) e non ó Servizo de Urxencias.

Segundo estudos de mercado a taxa de rotura de preservativos de alta calidade, oscila entre o 1 e o 12%. Resulta curioso o dato de que o 85% das mulleres acode a consulta "por rotura do preservativo", cifra que coincide co 83% do estudo de C. Cruz et al<sup>13</sup>, e moi similar ao 69,3% ao que se refire un estudo do COF da Área 4 de Madrid<sup>9</sup>. Alegar esta razón parécenos dar a impresión de ser un simple formalismo para facilitar a demanda. Esta conxectura é difícil de comprobar pero de ser certa, tería que ser moito máis alta a porcentaxe (15%) das pacientes que afirman non usar ningún método.

TABLA 1

Reducción de risco en mulleres que manteñen relacións sexuais frecuentes ao longo dun ano

Método anticonceptivo	Reducción de risco de embarazo
Método de Yuzpe(1)	57-75%
Levonorgestrel(2)	85%
Anticonceptivo habitual(3)	99%

(1) Método de Yuzpe: 2 doses de 100 mcg de etinil-estradiol + 500 mcg de levonorgestrel, cada unha, separadas por un intervalo de 12 horas.

(2) Levonorgestrel (LNG): 2 doses de 750 mcg de LNG cada 12 horas ou 1500 mcg de LNG en dose única.

(3) Anticonceptivo habitual: Varias presentacións no mercado, de similar eficacia.

O 8% de la poboación atendida eran menores de 18 anos (30 mozas) das que 11 eran menores de 16. Isto nos produce un problema de tipo legal xa reflectido noutros estudos<sup>14,15</sup>, e é o da conveniencia ou non de administrar a pílula a unha adolescente menor

de idade. En todo caso será o facultativo quen debe valorar a madurez da menor, no noso país a maioría de idade sanitaria é a partir dos 16 anos, polo que de 16 a 18 anos non cabe o consentimento por representación, sendo a menor quen consente e decide. De 12 a 16 anos cabe o consentimento por representación e a opinión da menor tida en conta, pero no caso de que a decisión do representante legal fora contraria aos intereses da menor, deberán poñerse os feitos en coñecemento do xuíz. No caso de que a menor tivera menos de 12 anos, trataríase xa como un delito de violación, contemplado como tal no Código Penal, e a autoridade xudicial tería que adoptar as medidas oportunas.

Con respecto aos efectos secundarios<sup>6</sup>, os máis frecuentes son as náuseas (15-25%) e os vómitos (1-5%), a metrorragia (un 16 % presenta un pequeno sangrado) e a mastodinia (20-25%), en contacto co método de Yuzpe clásico onde as náuseas ocorren ata nun 50%, e os vómitos nun 17-22%. De todos eles o máis preocupante, por ter que volver a repetir a toma da pílula, serían os vómitos, que no noso estudo presentou tan só unha paciente (1:400), que acudiu de novo para repetir a toma, por vomitar antes das 2 primeiras horas. Trátase dun método moi seguro e dado a práctica ausencia de efectos secundarios, a OMS reconece que debería ser libremente prescrita en todos os establecementos sanitarios públicos.

No noso estudo, o 36,2% das mulleres refire ser reincidente no último ano. Un estudo do COF da Área 4 de Madrid<sup>9</sup>, reflexa que un 19,5 tería utilizado a pílula nalgunha outra ocasión. Con estos datos e dado o alto índice de reincidente, cabería entón preguntarnos se o uso reiterado de Levonorgestrel pode producir efectos teratoxénicos, aumento do estado de hipercoagulabilidade, aumento do número de embarazos ectópicos ou alteracións do ciclo menstrual en adolescentes.

Con respecto o primeiro suposto, a OMS establece que practicamente a única contraindicación sería a existencia dun embarazo, pero non porque provoque efectos teratoxénicos, senón polo feito de que é ineficaz durante o embarazo. Un estudo de De Santis e cols.<sup>16</sup>, conclúe que o fallo do Levonorgestrel usado como anticoncepción de urxencia, non se asociou a un incremento no risco de aparición de malformacións conxénitas importantes, nin a complicacións no embarazo ou no pre e postparto.


Segundo varios estudos revisados<sup>17,18</sup>, a AHP non produciu en xeral un aumento significativo de tromboembolismo venoso, aínda que en persoas con tendencia a estados de hipercoagulabilidade, os preparados recomendados serían os que conteñen unicamente proxestáxenos. En referencia aos embarazos ectópicos, hai estudos<sup>19,20,21,22</sup> que reflecten un aumento do devandito risco, detectándose no Reino Unido dous casos entre 201 embarazos inesperados despois de usar a AHP, pero a maioría non atopan diferenzas significativas na presenza de embarazos ectópicos polo uso da pílula postcoital. Con respec-

to as posibles alteracións do ciclo, un estudo de Gainer e cols<sup>23</sup>. realizado con 232 mulleres, conclúe que o 14% presentou un pequeno sangrado intermenstrual e un aumento da duración do ciclo, pero que a función menstrual normalizouse nos ciclos seguintes.

¿Soluciona o problema dos abortos o uso da AHP? Hai estudos que indican que non<sup>24,25</sup>, a razón é que ao trivializarse o uso da AHP, en xeral, asúmense maiores riscos (maior número de relacións sexuais desprotegidas) por parte da poboación, así que parte do problema que tratamos de evitar por un lado, xerámolo por outro. Estudos feitos na Gran Bretaña e en Bélxica demostran o feito de que o número de abortos na poboación non só non diminuíu, senón que aumentou como consecuencia da dispoñibilidade a gran escala da pílula postcoital.

En calquera caso, analizados os pros e os contras, a opinión das mulleres, as opinións dos expertos e as recomendacións da OMS, estamos de acordo en que o obxectivo principal de reducir o número de embarazos non desexados debe ser o primordial, así como, non adoptar nunca una actitude disuasoria, explicar á paciente todos os pormenores que rodean o uso da pílula e a conveniencia de usar un dos métodos anticonceptivos convencionais.

#### ESQUEMA XERAL



#### CONCLUSIÓNS

- O índice de frecuentación mensual foi de 1'5 por mil mulleres en idade fértil e o anual de 15,6.
- A usuaria tipo é unha muller de 24 anos que ten relacións de fin de semana, que habitualmente utiliza algún método anticonceptivo e cuxo motivo principal de demanda é por fallo no uso do preservativo.
- As menores de idade (menores de 18 anos), só representan ao 8% de la poboación total atendida.
- A AHP con Levonorgestrel é un método moi seguro (Patrón ouro da OMS): No noso estudo só unha paciente tivo que repetir a toma da pílula por presentar vómitos.
- A Educación Sanitaria debe ser universal pero debe ser dirixida especialmente á poboación máis vulnerable que son as adoles-

centes, sen olvidar o tramo de 18 a 35 anos, que representa o 87% da poboación xeral feminina.

#### PUNTOS CLAVE

##### Feitos coñecidos

- A anticoncepción hormonal de urxencia xorde como unha necesidade ou intento de frear a gran avalancha de embarazos non desexados e evitar o trauma da realización de abortos provocados.
- Derivación cara un abuso da pílula postcoital por parte da sociedade en xeral, obviando o gran arsenal dos métodos anticonceptivos habituais.

##### Aportacións deste estudo

- A Educación Sexual debe ser fundamental por parte da familia, os profesionais sanitarios e os educadores en xeral.
- No só é un problema da xuventude ou adolescencia senón que tamén é un gran problema para as maiores de idade, xa que estas representan o 92,5% das usuarias que consultan por este motivo.

#### AGRADECEMENTOS

Os compañeiros e compañeiros do PAC de Urxencias da Casa do Mar da Coruña pola súa contribución na recollida de datos.

#### BIBLIOGRAFÍA

1. Glasier A. Emergency postcoital contraception. N. England J. Med.1997; 337(15):1058-1064.
2. Programa EURO/OMS de Sexualidad y Planificación Familiar para el incremento de la calidad de vida de las personas.1984.
3. Novedades en anticoncepción hormonal. Información terapéutica del Sistema Nacional de Salud. Vol.29-Nº 3-2005.
4. Task Force on Postovulatory Methods of Fertility Regulation. Randomised controlled trial of levonorgestrel versus the Yuzpe regimen of combined oral contraceptives for emergency contraception. Lancet. 1998 Aug 8;352(9126):428-33. PMID: 9708750 [PubMed - indexed for MEDLINE]
5. Ho PC. Emergency contraception: methods and efficacy. Curr Opin Obstet Gynecol 2000; 12:175-79.
6. Piaggio G, von Hertzen H, Grimes DA, Van Look PF. Timing of emergency contraception with levonorgestrel or the Yuzpe regimen. Task Force on Postovulatory Methods of Fertility Regulation. Lancet. 1999 Feb 27;353(9154):721. No abstract available. PMID: 10073517 [PubMed - indexed for MEDLINE].
7. Mena P. El Levonorgestrel ¿ un anticonceptivo o un anticonceptivo/abortivo?. Publicación en ACI digital. www.aciprensa.com. 2004.
8. WHO, 1998 b; Piaggio G y cols., 1998; Rodríguez I y cols, 2001; von Hertzen H y cols, 2002; Ellertson C y cols, 2003; Trussell J y cols, 2003; Piaggio G y cols, 2003.
9. S. Ruiz Sanz, E. Güell Pérez, C. Herranz Calvo, C. Pedraza Moreno. Anticoncepción postcoital. Características de la demanda. Area IV del Instituto Madrileño de la Salud. SemFYC. Atención Primaria 2002. Vol.30-Nº 06.
10. Indicadores de Portal Mayores (<http://www.imsersomayores.csic.es>). Población por edad y sexo (grupos quinquenales), 2004. Fuente: INEBASE. Revisión del padrón municipal de habitantes a 1 de enero de 2004. Datos a nivel nacional, comunidad autónoma y provincia. INE, 2005
11. Serrano I. Spectos sociales de la anticoncepción de emergencia. Diálogos 2001; 47:21-6
12. Ineichen B, Logie J, Rowlands S, Lawrenson R. Patterns of prescription of PC4 by general practitioners in England and Wales. Eur J Contracept Reproduct Health Care 2000;5:241-7

13. Cárdenas Cruz DP, Parrilla Ruiz F, Mengibar Gómez MM, Espinosa Fernández M, Issa Khozouz Ziad, Cárdenas Cruz A. Perfil de la solicitante de la píldora postcoital (Levonorgestrel) en unidades de urgencias. *Medicina de Familia (And)* 2002; 3:179-183.
14. Gómez Jiménez FJ, Bullejos López AL. Anticoncepción de urgencia: ¿ Los nuevos Médicos de Familia nos mostramos dispuestos a utilizar la píldora del día después?. *Medicina de familia (And)* 2003; 3: 184-190.
15. Robledo Martín E, Voces García D. Cobertura legal de anticoncepción en adolescentes. *Atención Primaria* 1997;20:573.
16. De Santis M, Cavaliere AF, Straface G, Carducci B, Caruso A. Failure of the emergency contraceptive levonorgestrel and the risk of adverse effects in pregnancy and on fetal development: an observational cohort study. *Fertil Steril.* 2005Aug;84(2):296-9. PMID: 16084867 [PubMed - indexed for MEDLINE]
17. B. Gomes MP, Deitcher SR. Risk of venous thromboembolic disease associated with hormonal contraceptives and hormone replacement therapy: a clinical review. *Arch Intern Med.* 2004 Oct11;164(18):1965-76. Review. PMID: 15477430 [PubMed - indexed for MEDLINE].
18. Farmer RD, Lawrenson RA. Oral contraceptives and venous thromboembolic disease: the findings from database studies in the United Kingdom and Germany. *Am J Obstet Gynecol.* 1998 Sep;179(3 Pt 2):S78-86. PMID: 9753314 [PubMed - indexed for MEDLINE]
19. Chief Medical Officer. Update #35. January 2000.
20. Basu A, Candelier C. Ectopic pregnancy with postcoital contraception—a case report. *Eur J Contracept Reprod Health Care.* 2005 Mar;10(1):6-8. PMID: 16036291 [PubMed – indexed]
21. Jian Z, Linan C. Ectopic gestation following emergency contraception with levonorgestrel. *Eur J Contracept Reprod Health Care.* 2003 Dec;8(4):225-8. PMID: 15006270 [PubMed - indexed for MEDLINE]
22. Sheffer-Mimouni G, Puzner D, Maslovitch S, Lessing JB, Gamzu R. Ectopic pregnancies following emergency levonorgestrel. *Contraception.* 2003Apr;67(4):267-9. PMID: 12684145 [PubMed - indexed for MEDLINE]
23. Gainer E, Mery C, Ulmann A. Levonorgestrel-only emergency contraception: real-world tolerance and efficacy. *Contraception.* 2001Jul;64(1):17-21. PMID: 11535208 [PubMed - indexed for MEDLINE]
24. Ministerio de sanidad y C. Interrupción Voluntaria del Embarazo. [www.msc.es/profesionales/salud pública/prevpromoción/embarazo](http://www.msc.es/profesionales/salud pública/prevpromoción/embarazo).
25. British Study Show Morning After Pill Don't Reduce Abortion Rate in U.K., *LifeNews.* 2004.
26. Agencia Española del Medicamento y Productos Sanitarios Fichas Técnicas de Nor Levo® y Postinor®. Ministerio de Sanidad y Consumo 2001.

# Análise da incapacidade temporal en traballadores dunha área de saúde de Atención Primaria

Segade Buceta, Xosé Manuel

Técnico de Saúde Pública. XAP de Santiago. Doutor en Medicina. Esp. en Med. Preventiva e Saúde Pública

García Cedrón, Ana María

Médico de Familia. Centro de Saúde de Sarria (Lugo). Epidemióloga

Cad Aten Primaria  
Año 2007  
Volumen 14  
Pág. 256-261

## RESUMO

**Obxectivo:** medir a incidencia das Incapacidades Temporais (IT) nos traballadores de atención primaria e comprobar a súa relación con diversas variables de interese.

**Deseño:** estudo de incidencia.

**Participantes:** todas as IT ocorridas durante tres anos (2004-2006) e sufridas polos traballadores da Área de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

**Medicións Principais:** idade, sexo, data de inicio, data de finalización, motivo (enfermidade común, accidente de traballo ou accidente non laboral), categoría estatutaria do traballador e tipo de vínculo coa praza.

**Resultados:** Nos tres anos estudados producíronse un total de 2.204 episodios de IT. Un total de 2.130 baixas foron motivados por enfermidade común (96,6%); os accidentes de traballo foron 53 (2,4%) e os accidentes non laborais o 1% restante. A idade mediana dos traballadores con episodios de IT foi de 47,2 anos (DC= 6,8), cun 63,2% de mulleres. A taxa de IT global para todo o período foi de 25,1 por 10.000 persoas-días. As taxas máis altas déronse entre o persoal de servizos xerais (PSX) e enfermería, cun 31 e 30,9 respectivamente. O índice de frecuencia global foi de 0,85 IT por traballador e ano. A duración mediana de baixas foi de 10 días (DC= 23,2). A mediana dos días de baixa varía segundo o motivo, sendo de 55 para os accidentes de traballo e de 9 para as enfermidades comúns. Tendo en conta este último motivo, a duración mediana das baixas é maior nas mulleres, nos propietarios e nas auxiliares de enfermería.

### Dirección para correspondencia:

Dr. Xosé M. Segade Buceta  
XAP de Santiago. Praza Martín Herrera, 2  
15706 Santiago de Compostela. E-mail: xose.segade.buceta@sergas.es

**Conclusións:** a incidencia dos episodios de IT en traballadores de atención primaria é alta, e máis acentuada en certas categorías. Sen embargo, as IT son máis curtas cás da poboación xeral.

**Palabras clave:** Incapacidade Temporal. Persoal Sanitario. Atención Primaria.

**Conflitos de intereses:** Ningún

## INTRODUCCIÓN

A incapacidade laboral defínese coma a situación na que un traballador, por motivo de enfermidade ou accidente, non pode realizar o seu traballo habitual. Segundo a súa duración, pode ser de carácter transitorio (incapacidade temporal ou IT) ou indefinido (incapacidade permanente ou IP), a cal é tramitada unha vez transcurridos 18 meses dende o comezo da IT, ou ben dende o momento en que se prevea que, dada a natureza da enfermidade ou lesión do traballador, este non poderá desenvolver o seu traballo habitual<sup>1</sup>.

## TÁBOA 1

Número de traballadores segundo categoría profesional. Área de Atención Primaria de Santiago. Ano 2006

Categoría Profesional	Número	Grupo
Médicos	272	A
Enfermería	217	B
Persoal Servizos Xerais	78	D
Celador	62	E
Pediatra A.P.	46	A
Grupo Auxiliar Función Administrativa	43	D
Auxiliar Enfermería	33	D
Matrona	33	B
MIR en formación	32	A
Fisioterapeuta	14	B
Odontólogo A.P.	12	A
Traballadora Social	8	B
Farmacéutico A.P.	7	A
Directivo X.A.P.	6	A
Grupo Xestión Función Administrativa	5	B
Grupo Administrativo Función Admtva	4	C
Psicólogo	4	A
Técnico Especialista	3	C
<b>TOTAL</b>	<b>879</b>	

O incremento das baixas laborais entre o persoal sanitario sería unha manifestación de que os factores organizacionais e laborais son inadecuados para os profesionais. Isto non só ocorre en sanidade, senón tamén noutros colectivos, coma o docente<sup>2</sup>.

Son realmente escasos os estudos centrados nas IT nos traballadores pertencentes á atención primaria e que recollan información relativa a todas as categorías profesionais. Por este motivo propuxémosnos a realización deste estudo, que ten coma obxectivos os seguintes: medir a incidencia das IT nos traballadores de atención primaria e comprobar a súa relación con diversas variables de interese.

## MATERIAL E MÉTODOS

A poboación obxecto de estudo foron todas as IT ocorridas durante tres anos (2004-2006) e sufridas polos traballadores da Área de Atención Primaria de Santiago de Compostela. A día 1 de xaneiro de 2006, esta área contaba cun total de 879 traballadores (na táboa 1 aparecen reflectidos segundo categoría profesional).

A fonte de datos, para este estudo de incidencia, foi a aplicación informática de persoal e nóminas do SERGAS, dispoñible na Xerencia de Atención Primaria (XAP) de Santiago e que permite a consulta das IT dos seus traballadores.

Coma criterios de inclusión aceptouse ter estado en situación de IT por algún dos seguintes motivos: enfermidade común, accidente de traballo e accidente non laboral. Foi loxicamente excluído o "descanso maternal" porque xa dende o ano 1995 a maternidade deixou de ser considerada como causa de IT.

De cada proceso de IT recolléronse as seguintes variables: idade, sexo, data de inicio, data de finalización, motivo (enfermidade común, accidente de traballo ou accidente non laboral), categoría estatutaria do traballador e tipo de vínculo coa praza. Non se puido recoller o diagnóstico xa que este non figura na devandita aplicación informática.

O procesamento dos datos foi realizado co paquete estatístico SPSS. Para a análise dos resultados empregáronse índices estatísticos descritivos para variables cualitativas (tipo proporción) e cuantitativas [media coa súa correspondente desviación estándar (DE) ou mediana coa desviación cuartil (DC), dependendo da distribución da variable cuantitativa]. Para medir a frecuencia de episodios de IT calculouse a taxa de IT por 10.000 persoas-día para cada unha das categorías, onde a dita taxa para unha categoría *i* dada é igual a:

$$\frac{\sum \text{episodios de IT}_i}{(\sum \text{persoas días de seguimento}_i - \sum \text{persoas días de baixa}_i)}$$

Tamén se calculou o índice de frecuencia de IT (promedio de IT nun ano / número de traballadores), o que nos daría o número de IT por traballador e ano.

## RESULTADOS

Nos tres anos estudados producíronse un total de 2.204 episodios de IT. O número de episodios sufriu sucesivos incrementos interanuais (631 no ano 2004, 759 no 2005 e 814 no 2006); por tanto, o incremento 2004-2006 foi dun 29%. O mes no que se produciron máis baixas foi marzo co 11,2% e o menos foi xullo con só o 4,9% (figura 1). Por días da semana (figura 2), as baixas foron máis numerosas nos luns (26%) e as altas nos venres (27,1%).

FIGURA 1

Episodios de IT segundo mes de incidencia





FIGURA 2

Distribución das baixas e altas segundo día da semana



Un total de 2.130 episodios foron motivados por enfermidade común (96,6%); os accidentes de traballo foron 53 (2,4%) e os accidentes non laborais o 1% restante (21 casos).

A idade mediana dos traballadores con episodios de IT foi de 47,2 anos (DC= 6,8), cun 63,2% de mulleres.

A taxa de IT global para todo o período foi de 25,1 por 10.000 persoas-días. As taxas máis altas déronse entre o persoal de servizos xerais (PSX) e enfermaría, cun 31 e 30,9 respectivamente (táboa 2); a máis baixa, con diferenza, deuse entre os MIR (con só 2,4 por 10.000 persoas-días). Por outra banda, as taxas de IT son máis altas nas mulleres, nos traballadores maiores e nos profesionais coa praza en propiedade (táboa 3).

**TÁBOA 2**

Taxas de IT por 10.000 persoas-día segundo categoría (ordeación decrecente).

Categoría profesional	Tempo de seguimento (días)	Nº de IT	Duración IT	Taxas
Personal Servizos Xerais	80.300	227	7.038	31,0
Enfermería	234.330	651	23.759	30,9
Fisioterapia	15.330	41	1.396	29,4
Médico de Familia	291.635	718	17.554	26,2
Pediatra A.P.	50.005	119	1.932	24,8
Auxiliar de Enfermería	36.135	76	5.035	24,4
Odontólogo A.P.	13.140	29	1.068	24,0
Gr. Aux. Función Admva	46.720	103	3.472	23,8
Celador	71.175	143	4.913	21,6
Gr. Admvo. Función Admva	4.380	9	160	21,3
Gr. Xestión Función Admva	4.745	7	363	16,0
Técnico Especialista	3.285	5	77	15,6
Farmacéutico A.P.	6.570	9	305	14,4
Traballadora Social	8.760	12	345	14,3
Psicólogo	4.380	6	68	13,9
Matrona	36.135	35	1.750	10,2
Directivo X.A.P.	6.205	6	211	10,0
MIR en formación	33.945	8	119	2,4
<b>TOTAL</b>	<b>947.175</b>	<b>2.204</b>	<b>69.565</b>	<b>25,1</b>

**TÁBOA 3**

Taxas de IT por 10.000 persoas-día segundo sexo, grupo de idade e vínculo

Categoría profesional	Tempo de seguimento (días)	Nº de IT	Duración IT	Taxas
<b>Xénero</b>				
Masculino	397.340	812	23.065	21,7
Feminino	549.835	1.392	46.500	27,7
<b>Grupos de idade (cuartiles)</b>				
≤ 35	223.055	419	12.241	19,9
36-45	254.304	566	16.888	23,8
46-51	252.149	653	20.471	28,2
≥ 52	217.667	566	19.965	28,6
<b>Tipo de vínculo</b>				
Propietarios	518.105	1.279	44.855	27,0
Interinos	234.899	561	17.149	25,8
Eventuais	194.171	364	7.561	19,5
<b>TOTAL</b>	<b>947.175</b>	<b>2.204</b>	<b>69.565</b>	<b>25,1</b>

O índice de frecuencia global foi de 0,85 IT por traballador e ano. Por categoría profesional mantense a mesma orde: PSX (1,03), enfermaría (1,01), fisioterapeutas (0,98) e médicos de familia (0,90).

A duración mediana de baixas foi de 10 días (DC= 23,2) e a suma dos días de IT nos tres anos foi de 67.820 (22.607 días/ano). A mediana dos días de baixa varía segundo o motivo, sendo de 55 para os accidentes de traballo e de 9 para as enfermidades comúns (táboa 4). Tendo en conta este último motivo, a duración mediana das baixas é maior nas mulleres, nos propietarios e nas auxiliares de enfermaría (táboa 5). Non hai diferenza relevante entre os diferentes grupos de idade. Estratificando por sexo mantense a mesma duración mediana nos médicos de familia e pediatras, sendo diferente en enfermaría (11 días en homes e 12,5 en mulleres), PSX (8 días en homes e 12 en mulleres) e no grupo auxiliar administrativo (6 días en homes e 12 en mulleres).

## DISCUSIÓN

Como se mencionou na introducción, son realmente escasos os estudos centrados nas IT nos traballadores pertencentes a atención

primaria. Así, a modo de exemplo, nunha recente publicación en Atención Primaria<sup>3</sup> figura como poboación obxecto de estudo os episodios de IT acontecidos en traballadores do sector sanitario, tanto de primaria coma de especializada. O presente estudo aporta ademais algo que consideramos moi relevante, isto é, a incidencia das IT segundo diversas variables de persoa, fundamentalmente a que se refere ás diferentes categorías profesionais da atención primaria. Obviamente é normal que haxa un maior número de baixas entre os médicos e persoal de enfermería por mor de ser o colectivo máis numeroso; sendo por tanto a taxa de incidencia a medida de frecuencia máis idónea para unha análise correcta.

**TÁBOA 4**

Duración das IT segundo motivo

Motivo	Mediana	P <sub>25</sub>	P <sub>75</sub>	DC	Total días IT/ano	%
Enfermidade común	9	4	26	11	20.965	92,7
Accidente NON laboral	39	17	78,5	30,8	352	1,6
Accidente de traballo	55	15	120	52,5	1.290	5,7
<b>Global</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>27,3</b>	<b>11,6</b>	<b>22.607</b>	<b>100</b>

Pero tamén cómpre mencionar a limitación de non dispor dos diagnósticos de cada baixa, por non figurar ese campo na aplicación informática dispoñible na Xerencia. De todos os xeitos pensamos que isto non lle resta transcendencia a este traballo, cuxo obxectivo principal non se ve afectado coa ausencia desta variable.

Actuando con rigor epidemiolóxico, é importante sinalar que os resultados deste estudo son aplicables aos traballadores de atención primaria da Área de Santiago. Dado que todas as xerencias non teñen unhas características organizativas homoxéneas e que tamén hai cambios temporais importantes, os nosos resultados non son extrapolables a outros lugares nin a outros períodos de tempo. Por tanto, ademais, ao traballar con toda a poboación e non ser mostra representativa fóra do marco do estudo, non ten sentido a realización de probas de significación estatística.

En relación precisamente cos resultados, cómpre destacar primeiramente os sucesivos e importantes incrementos interanuais dos episodios de IT, cifrados nun 29% en dous anos (período 2004-2006). Cremos que este aumento poidera estar causado, non tanto por un incremento da morbilidade, senón pola facilidade á hora de conseguir unha baixa para suplir con ela aspectos organizativos, laborais e incluso intereses persoais. O médico de familia, coma axente practicamente exclusivo da emisión de partes de baixa, accede xeralmente á demanda de IT por parte dos que normalmente son os seus compañeiros de traballo no centro de saúde, e non adoita actuar co mesmo rigor que aplica ao resto dos pacientes do seu cupo.

Nos episodios de IT obsérvase un claro patrón estacional, consistente nunha baixada a partir da primavera, acadando no verán o seu valor máis baixo, para despois subir durante os meses de outono e



permañecer altos nos meses de inverno. Este patrón estacional poidera xustificarnos indirectamente unha maior presenza de enfermidades do aparello respiratorio (grupo VIII) e de enfermidades infecciosas (grupo I), como acontece noutros estudos sobre as IT, tanto no sector sanitario<sup>3-7</sup> coma na poboación xeral<sup>8-14</sup>.

O 2,4% das IT foron debidas a accidentes de traballo, o que está en concordancia con outros estudos no sector sanitario<sup>4</sup> (1,9%) e na poboación xeral<sup>14-15</sup> (1,9-2,1%). A discrepancia está nos accidentes non laborais: mentres estes dous últimos estudos atopan un 12,2%, no noso só foron o 1% das IT. Obviamente tamén é diferente a porcentaxe que representan as enfermidades comúns, máis alta no noso estudo (96,6 vs 85,7%).

